



## BASES REGULADORAS DO DESFILE DE ENTROIDO 2022

### Artigo 1. Destinatarios

Poderán participar calquera persoa ou grupo de persoas (asociacións veciñais, culturais, etc) que presenten a solicitude no prazo establecido.

### Artigo 2. Lugar e prazo de inscrición

- O prazo de inscrición para participar no desfile do Martes de Entroido 2022 será dende o día 8 de febreiro ao 28 de Febreiro de 2022 (ata as 12:00 horas), ambos incluídos.
- A inscrición realizarase a través dun formulario en liña, que estará dispoñible na páxina web: [www.barbadas.es](http://www.barbadas.es).

### Artigo 3. Normas de participación

- O desfile terá lugar o martes, día 1 de marzo ás 17 horas e o seu percorrido será a Avenida de Celanova. Os participantes deberán estar ese día ás 16 horas na rúa as Cuartas, próxima ao Campo Municipal de Os Carrís (A Valenzá).
- A cada grupo ou persoa inscrita adxudicaráselle un número coa orde de participación no desfile.
- Todos os vehículos que participen no desfile deberán ter en vigor a póliza de seguro obrigatorio de circulación.
- Os/as participantes deberán inscribirse nunha única categoría.
- Os/as participantes no desfile comprométense a responsabilizarse dos actos ou accións que se produzan durante o mesmo, eximindo ao Concello de Barbadás de calquera responsabilidade.
- Queda prohibido o uso de petardos ou lanzamento de obxectos perigosos ao público, quedando excluídos do desfile.



#### Artigo 4. Categorías

Establécense as seguintes categorías:

- **Carrozas:** mínimo 10 persoas (a maioría dos integrantes teñen que ir subidos na carroza durante todo o percorrido).
- **Comparsas:** mínimo 10 persoas.
- **Parellas/Tríos.**
- **Individuais.**

#### Artigo 5. Premios

Establécense os seguintes premios por categorías:

- **Carrozas:** 1º premio 1.000 €, 2º premio 750 €; 3º premio 550 €, 4º premio 300€.
  - **Comparsas:** 1º premio 1.000 €, 2º premio 750 €, 3º premio 550 €, 4º premio 300 €.
  - **Parellas/Tríos:** 1º premio 300 €, 2º premio 150 €, 3º premio 100 €.
  - **Individuais:** 1º premio 200 €.
- O pago dos premios realizarase mediante transferencia bancaria, presentando se é o caso, certificación da exención do IVE. Nos demais casos, as compensacións económicas estarán suxeitas ás retencións que correspondan en función da normativa fiscal.

#### Artigo 6. Xurado

- O concurso terá un xurado composto por cinco persoas, representativas do ámbito cultural e asociativo do Concello. Estará presidido pola Concelleira de Cultura e actuará como secretario un/unha traballador/a municipal da Casa da Cultura.

O xurado terá en conta á hora de valorar os participantes principalmente calidades que respondan ao espírito do entroido: a graza, a empatía co público, a sátira, a transgresión, a retranca, animación musical, a creatividade e a elaboración do vestiario e do resto do atrezzo e o número de participantes.



## **Artigo 7. Axudas a asociacións**

As asociacións que participen no Desfile do Martes de Entroido 2022 compostas por 10 ou máis integrantes e se atopen debidamente inscritas, a data 31/12/2021, no Rexistro de Asociacións do Concello de Barbadás, recibirán unha axuda de 200 €.

### **Máis información:**

Casa da Cultura

Rúa San Bernabé 37 32002 A Valenzá

Tlf: 988 246885

Correo electrónico: [casacultura@barbadas.es](mailto:casacultura@barbadas.es)

***As cuestións de dúbida, interpretación, ou cambios derivados de imprevistos que xurdan durante o desenvolvemento serán resoltas pola Concellaría de Cultura.***

***A Concellaría de Cultura resérvase os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o bo desenvolvemento do evento.***

***A participación no Desfile do Martes de Entroido 2022 implica a aceptación das presentes bases.***